



MEMORIA XUSTIFICATIVA DO CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A VICEPRESIDENCIA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA E A FUNDACIÓN CLUSTER DE EMPRESAS DE AUTOMOCIÓN DE GALICIA (CEAGA).

1.- O Decreto 72/2013, do 25 de abril, establece a estrutura orgánica da Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza. O artigo 14.1.f) do citado Decreto atribúe á Subdirección Xeral de Coordinación e Servizos Transversais, a dirección do parque móbil da Xunta da Galicia e a coordinación dos parques sectoriais pertencentes a outras consellerías.

2.- **Antecedentes:** No ano 2011 a Consellería de Economía e Industria asinou un convenio de colaboración co Cluster de Automoción de Galicia (CEAGA) para o desenvolvemento dun plan piloto de electromobidade que contribuíse a diminuír a dependencia de combustibles derivados do petróleo e contribuíndo á implantación dun novo modelo enerxético eficiente e respectuoso co medio ambiente.

3.- **Finalidade:** O obxecto do convenio é a cesión por parte da Fundación Clúster de Empresas de Automoción de Galicia á Xunta de Galicia de 25 vehículos eléctricos, 6 puntos de recarga rápida e 11 puntos de recarga lenta.

4.- O instrumento convencional asinado fundaméntase no seguinte: O convenio fundaméntase no interese concorrente de ambas entidades e na posibilidade de potenciar o desenvolvemento de enerxías eficientes, así como no papel exemplarizante que deben representar as administracións públicas de cara á sociedade.

5.- Non hai achega económica por parte da Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza.

6.- Polo exposto, considérase xustificada a utilización do instrumento do convenio para articular as actuacións de referencia, quedando o dito convenio fóra do ámbito de aplicación do texto refundido da Lei de contratos do sector público, aprobado polo Real decreto lexislativo 3/2011, do 14 de novembro, con independencia de que, ao abeiro do previsto no artigo 4.2 da dita norma, lle sexan de aplicación os principios desta lei para resolver as dúbidas e lagoas que se poidan presentar.





É canto se especifica, en cumprimento do establecido na Lei 1/2016, de 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, así como na *Ley 19/2013, de 9 de diciembre, de transparencia, acceso a la información pública y buen gobierno*, no relativo á publicidade e rexistro dos convenios.

Santiago de Compostela, 4 de xullo de 2016

A secretaria xeral técnica



Beatriz Cuiña Barja

DILIXENCIA DE CONSTANCIA

Esténdoa eu, José Ramón Pardo Cabarcos, subdirector xeral de Réxime Xurídico, para facer constar que a memoria que segue, que leva por título *Memoria Xustificativa do Convenio de colaboración entre a Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza e a Fundación Cluster de Empresas de Automoción de Galicia (CEAGA)*, é unha imaxe obtida mediante o escaneamento íntegro da memoria orixinal, que foi asinada de forma manuscrita o 4 de xullo de 2016.

E para que produza efectos cara a súa inscrición no Rexistro de Convenios do Sector Autonómico de Galicia, asino electronicamente a presente dilixencia.

